

Buenos Aires, 8 de Febreiro de 1978.

Sr. D. Marino Dónega Rozas

A Coruña.

Querido Dónega:

Fai uns días escribíache unhas letras de presentación de un médico mozo, Martín Baudizzones, para que ~~lo~~ ourentases no seu paso por A Coruña e o levásedes, si podíades, a Sobrado. Cecáis constituía esta petición un abuso meu, mais non sei a quen recurrir nestes casos que teña o teñan a vosa simpatía e amabilidade.

Chegamos eiquí o día 2 de xaneiro, eu con unha gripe moi forte collida en Madride, é esta una cidade que me enferma, e pasei bastantes días con ela en Buenos Aires. Por agora estou pasando o período de adaptación previo ao meu traballo, aínda que fun facendo algunhas cousas, moi poucas. O vrau decorre como sempre nesta cidade, calor, baixa presión, fresco, choiva, trebóns, alagamentos, granves ventos, todo alternando ás vegadas nun soio día. Cheguei a tempo para a inauguración de unha mostra de coarenta e cinco grabados meus no Museo de Arte Contemporáneo, propiedade do Museo. Isto é todo no que se refire/este mes que pasou. En canto á casa atopámola como a deixamos, con unha chea de cartas sobor da taboa, e, entre elas, unha do mes de marzal de 1977 de un Museo de Milán, invitándome a unha esposición. Contéstoa estos días non aceptando, agradecéndoa, ~~o~~ sintome canso e pensamos continuar dividindo, mentras poidamos, os nosos anos entre esta cidade e Galicia. Cecáis algún día teñamos que decidir.

Recibín unha carta moi eloxiosa de Peregrín Otero con motivo do tomo "Obra poética" que lle remitín xuntamente cos álbumes que fixen nesa. Agradézolla moito. Non sei nada da preautonomía en Galicia, nin quen constituíe a Xunta. Gostaríame me contastes algo de todo esto. Unha carta leva menos tempo que un escrito, escribeme.

Remato con unha aperta moi forte de Maruja e miña para vos os catro, incluío a Milagro e Fernando: